


O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia


Resumo executivo. Ano 2010



O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

Resumo executivo

1. Principais datos sobre o Software libre nas empresas
 - 1.1. Empresas con Software Libre
 - 1.2. Equipamento de ordenadores e servidores e presenza de SwL
 - 1.3. Aplicacións de SwL en ordenadores e servidores.
 - 1.4. Grao de satisfacción co SwL e perspectiva de evolución
2. Empresas que non utilizan Software Libre
 - 2.1. Previsión do seu uso
 - 2.2. Consideracións de beneficios no uso de SwL
 - 2.3. Motivos polos que non utilizan Software Libre
3. Visión Xeral das Empresas
 - 3.1. Estimación da evolución do SwL no mercado.
 - 3.2. Valoración do desenvolvemento de produtos de SwL
 - 3.3. Accións comerciais recibidas e a promover entre as empresas.
 - 3.4. Formación TIC recibida



Presentación


Este documento mostra os principais resultados da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia” na información relativa ao Software Libre.

Esta enquisa foi elaborada polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

1.1. Principais datos sobre o Software libre nas empresas

Empresas con ordenadores e servidores

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

Empresas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

Empresas con software libre en ordenadores e servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

Todas as empresas de 10 a 249 asalariados / as contan con ordenadores de usuario e o 83% delas conta con servidores.

O 63,6% das empresas dispón de Software Libre experimentando un crecemento de 30 puntos con respecto ao ano 2008.

1.1. Principais datos sobre o Software libre nas empresas

Empresas con sistema operativo e aplicacións libres e propietarias nos ordenadores e servidores
 (% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen ordenadores / servidores)



A maioría das empresas contan con sistema operativo de Software Propietario aínda que un 42,4% conta xa con aplicacións libres e un 25,3% dispón de sistema operativo libre nos ordenadores .

Fonte: OSIMGA

Aplicacións de software libre existentes segundo sexan de Software Libre ou Propietario

APLICACIÓNS DE SOFTWARE	TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (%)		Total
	Software propietario	Software libre	
Ofimática	82,1	28,8	97,2
Navegador de Internet	75,1	40,1	98,4
Xestor de Correo	77,0	27,9	95,5
Antivirus e Seguridade	81,0	20,7	97,7
Xestión empresarial	81,3	9,2	88,7
Xestión de contidos web	26,2	8,1	34,4
Traballo en grupo e cooperac.	16,2	4,9	21,2
Educ. e formación a distancia	7,5	3,5	10,6
Desenvolv. de software	12,8	4,4	16,3
Outras aplicacións de usuario	19,3	8,9	22,6

As aplicacións ofimáticas de software son as máis frecuentes nas empresas (97,7%), e as aplicacións para a formación a distancia as que menos (10,6%).

As aplicacións de software libre con maior presenza nas empresas son os navegadores de Internet (40,1%), as ofimáticas (28,8%), e o xestor de correo (27,9%).


Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

1.1. Principais datos sobre o Software libre nas empresas

Nivel de satisfacción do uso do Software libre nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(empresas de 10 a 249 traballadores / as que non persoas físicas e teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

O nivel de satisfacción co uso do software libre segue a ser notable, cun 6.9 nunha escala de 0 a 10, aínda que sufriu un descenso dun punto respecto do ano 2008. Isto pode ser debido probablemente aos efectos do cambio de aplicacións en contornos de traballo.

Os principais implantadores de Software Libre son as propias empresas (26,8%), seguidas dos provedores comerciais (22,5%).

Nivel de satisfacción do uso do Software libre nas empresas


(empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre / Propietario)



Fonte: OSIMGA

Implantadores do software libre nas empresas

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

1.2. Empresas que non usan Software Libre

Previsión de uso do Software Libre nas empresas que non o usan

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

O 61,6% das empresas que non dispoñen de Software Libre non consideraron a súa futura utilización, aínda que un 35% opina que o seu uso beneficiaría á empresa.

Empresas que cren que se beneficiarían co uso do software libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

1.2. Empresas que non usan Software Libre

Motivos polos que as empresas non usan software libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009


O 36,5% das empresas non utilizan Software Libre. O principal motivo aducido é o descoñecemento ou a falta da información (38,8%), aínda que este factor ten minguado moi significativamente, aumentando a consideración da falta de cualificación do personal (24,5%), a complexidade ou risco de cambio (22%) ou a falta de provedores ou de soporte (21,1%). É dicir, afloran motivos de carácter máis técnico logo da primeira aproximación das empresas ao software libre

1.3. Visión xeral das empresas

Previsión da evolución do uso do software libre no mercado

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

Valoración do desenvolvemento de produtos en Software Libre

(% empresas de 10 a 249 traballadores / as que van encargar un desenvolvemento de Software)




Fonte: OSIMGA


Un 53,4% das empresas consideran que o uso do Software Libre aumentará no futuro, incrementándose tamén a proporción dos que pensan que se manterá igual.

Un 58,2% das empresas que teñen previsto encargar un desenvolvemento de Software, consideran positivo que se realice en Software Libre.

1.3. Visión xeral das empresas



Fonte: OSIMGA



Fonte: OSIMGA

A maioría das accións comerciais recibidas polas empresas orientanse cara ao software propietario (55%), aínda que as accións de software libre se incrementaron nos últimos dous anos en catro puntos porcentuais.

As principais liñas para a potenciación do Software Libre, en opinión das empresas, deberían orientarse cara á demostración de produtos (50,1%) e a axudas e subvencións (49,1%), liñas recollidas no Plan de Acción Floss da Xunta de Galicia.



Ficha Técnica da enquisa

Ámbito: Galicia.

Universo: sociedades de 10 a 249 empregados /as con actividade en Galicia.

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Tamaño da mostra: 412 entrevistas.

Afixación: estratificada proporcional en primeira fase, selección aleatoria da empresa.

Período de referencia: ano 2010 para as variables de fluxo e decembro 2010 para as variables de fondo.

Erro mostral: Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,81\%$.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

